

Publicación da relación de prazas vacantes na Escola Municipal de Música e apertura de prazo de preinscrición do novo alumnado para o curso 2023/2024

Finalizado o prazo de renovación de praza do alumnado actual da Escola Municipal de Música para o curso 2023-2024, publícanse as prazas vacantes e a apertura dos prazos de preinscrición para o novo alumnado.

Prazos: do 5 ao 25 de maio poderá presentarse a solicitude de preinscrición na Escola Municipal de Música do novo alumnado, de acordo coas prazas vacantes dispoñibles para o curso 2023-2024, que se publican neste anuncio.

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude de preinscrición ben por medios electrónicos ou de xeito presencial no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras), ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- Telematicamente: a través da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) onde deberán escoller o trámite “Inscrición na Escola Municipal de Música”.
- Presencialmente: no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras), ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As persoas interesadas poden descargar o modelo de solicitude da sede do concello, da web da Escola Municipal de Música ou solicitándoa por correo electrónico á EMM: info@emmsantiagodecompostela.com.

IMPORTANTE: *se no presente curso 22/23 quedaron en situación de lista de agarda, deben volver presentar a solicitude para o curso 23/24.*

É requisito imprescindible que a persoa solicitante estea empadroadada no Concello de Santiago ou que curse estudos da ensinanza obrigatoria ou estudos de grao medio, superior ou estudos universitarios en Santiago de Compostela.

Exposición pública de prazas vacantes para o curso 2023/2024

1ª convocatoria

PRAZAS INSTRUMENTAIS SEGUNDO O PLAN EDUCATIVO (1)		
Especialidade	PEX (de 8 a 15 anos)	PEPA (a partir dos 16 anos)
Acordeón	1	1
Clarinete	2	2
Frauta	1	0
Gaita	0	1
Guitarra	1	1
Saxofón	1	3
Trombón	1	0
Trompa	1	0
Trompeta	1	2
Violín	1	2
Violoncello	2	5

Escola Infantil de Música (1)	
Especialidade	Nº prazas
Preparatorio a Música e Movemento (3 anos) 4º infantil	12
Música e movemento 1 (4 anos) 5º infantil	12
Música e movemento 2 (5 anos) 6º infantil	11
Iniciación ao linguaxe musical 1 (6 anos) 1º primaria	19
Iniciación ao linguaxe musical 2 (7 anos) 2º primaria	5

Escola Aberta (1)		
Especialidade	PEX	PEPA
Linguaxe Musical + Coro	-	10

(1) A obtención de praza non garante que os horarios que se ofrecen sexan compatibles coas necesidades dos solicitantes.